

As crebas

bitácora de miro villar en blogaliza.org

Mai 16 2015

Lembranza da poeta María do Carme Kruckenberg

Published by [Miro Villar](#) at 18:15 under [Obituarios](#), [Poesía](#)



(No primeiro video, editado pola [AELG](#), [Mª do Carme Kruckenberg](#) le dous textos do poemario [*As complexas mareas da noite*](#), Espiral Maior, 2006. No segundo o grupo [Xardín Desordenado](#) musica outro dos poemas do mesmo libro, intitulado «Tanto de nada»)

Vén de se producir o pasamento da escritora [María do Carme Kruckenberg](#) (Vigo, 3 de xuño de 1926 – 16 de maio de 2015), autora dunha obra na que sobrantea a voz poética que expresou en máis de vinte títulos, desde [*Cantigas do vento*](#) (Alba, 1956) até os tres últimos editados nesta década por [Barbantesa](#). En 2006 recibiu a distinción «[Letra E](#) – A Escritora na súa Terra» que outorga a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega ([AELG](#)) e en 2011 Galaxia publicou [a súa biografía](#) de mans de [Mercedes Queixas Zas](#).

Esta mesma entidade fixo público [o seu pesar](#) (que é o noso) polo pasamento da escritora, lembrando que «foi nomeada no ano 2006 [Socia de honra](#) pola Asemblea de Socios e Socias da [AELG](#), da que foi vicepresidenta en 1986, termando da asociación coa valentía e a coraxe precisas, apostando firmemente por unha continuidade necesaria».

Non a tratei persoalmente, de quitado dos saúdos intercambiados nalgún acto literario nos que coincidimos, quer organizados pola propia [AELG](#) ou polo [PEN Clube de Galicia](#). Alén diso, asocio a miña primeira lembranza da súa obra coas miñas lecturas dos anos oitenta, cando lia os libros de poesía que había nos andeis da [Biblioteca Pública Municipal Francisco Mayán](#) de Cee, polo que me introducí na súa obra coas [*Cantigas para un tempo esquecido*](#) (Edicións do Castro, 1986).

Lin e teño nos andeis da miña biblioteca persoal outros títulos da súa autoría, dos que salientarei o que lle publicou o poeta [Miguel Anxo Fernán-Vello](#) na súa colección: [*As complexas mareas da noite*](#) (Espiral Maior, 2006), que na miña opinión é a súa mellor obra. Velaquí un dos seus poemas, co que fecha o libro:

Todo o que me doe
está ao pé da escaleira.
Ninguén quere subila.
Tampouco ninguén quere baixala.
E alí queda inservíbel
como adorno da paisaxe.
A verdade da mazá morre na herba.

Mañá un acto cívico e poético acompañará a [María do Carme Kruckenberg](#) na súa despedida. E os seus versos escoitaranse nun [Día das Letras Galegas](#), que mellor homenaxe. Que a terra che sexa leve, Poeta!